


DOUS

Fernando Abreu e Pablo Carrera



A VIAJE DE YOYO

A VIAXE DE YOYO

Este disco narra, a través das súas cancións, a apaixonante viaxe de Yoyo, un rato afable e soñador que un bo día decide abandonar a seguridade da súa tobeira na procura de aventuras, co desexo de descubrir lugares distintos e facer novos amigos.

Así, coñecerá a Tutú en Brasil, viaxará por Europa do Leste, baixará ás profundidades do océano, cantará á lúa chea en África, visitará os xardíns máis fermosos, asistirá a un baile de máscaras e vivirá mil e un paripés ata rematar nun deserto imaxinario onde descubrirá que a maior viaxe está no seu ollar das cousas, de si mesmo e dos demais.



DOUS

No ano 2017 **DOUS** presenta *A viaxe de Yoyo*, o seu terceiro traballo discográfico editado baixo o selo galego *Nakra* e no que continúan na liña marcada nos seus traballos anteriores, mesturando influencias de músicas do mundo e improvisación para crear un repertorio de composicións propias que afondan na procura da emoción por riba do virtuosismo técnico, convidando ao ouvinte a unha viaxe a través dos sentidos.

DOUS nace alá polo ano 2001 cando Fernando Abreu e Pablo Carrera se coñecen durante a gravación do primeiro disco de Mercedes Peón. A partires daquel encontro realizan sesións de improvisación que deixan gravadas e que servirán tempo despois como base das composicións recollidas no seu primeiro traballo, *sÓ sOn sOns* (Falcatuada, 2008). No ano 2012 publican *DOUS* (Nakra), un conxunto de pezas onde a melodía e as músicas populares do mundo sitúanse na base da súa creación.

Ao longo da súa traxectoria tamén teñen traballado na creación dos espazos sonoros dos espectáculos teatrais *A Paz do Crepúsculo* e *García*, dirixidos por Candido Pazó. A súa música serviu de acompañamento en varios traballos audiovisuais e en obradoiros de arteterapia por toda a península, formando parte do equipo VOArte xunto a Victor Orive. Estas experiencias foron cruciais para levalos a afondar na capacidade terapéutica da música.

DOUS ten sido finalista dos *Premios Martín Codax da Música Galega* en tres edicións dentro da categoría de Músicas do Mundo.



O QUE DIN DE DOUS

Julio Gómez de Sinsalaudio descríbeos do seguinte xeito:

"DOUS son un grupo de música popular en toda la extensión de la etiqueta. Sonidos de la tierra concentrados alrededor de dos músicos que llevan su ejemplar instrucción diaria en diversas formaciones hasta esta original propuesta.

Cuando se escuchan sus canciones en directo, DOUS nos recuerdan que este planeta es tan grande, o pequeño, como seamos capaces de imaginar. Su elegancia en el escenario desborda el tópico del mestizaje. DOUS no son decoración folclórica o hilo musical para restaurantes de cocktail. Su música se tiene que escuchar, sentir y dejarse llevar hasta las bodas de Bulgaria, las romerías de Galicia, los poblados de Africa , las playas de Brasil o los clubs de Chicago. Espontánea y feliz, plural y callejera, pero siempre con la identidad de estos dos instrumentistas de infinito gusto por lo diferente."



QUEN SON DOUS

Fernando Abreu nos clarinetes e **Pablo Carrera** nas guitarras e a voz son dúas personalidades diferentes, dúas bagaxes vitais coas súas influencias sonoras que se unen para crear un todo chamado **DOUS**.



FERNANDO ABREU é titulado superior en Clarinete polo RCSM Madrid. Os seus intereses musicais lévano a especializarse en interpretación de Clarinetes Históricos polo Koninklijk Conservatorium da Haia (Holanda). Especializado en Música Tradicional Galega pola USC, continúa a súa formación cun DEA en Etnomusicoloxía pola Universidad de Valladolid.


No terreo profesional foi membro do Ensemble de Música Contemporánea do Centro Galego de Arte contemporánea e da O.M.E.GA. (Orquestra de Música Espontánea de Galicia). Así mesmo, é colaborador habitual en directo e en estudio de Mercedes Peón e convidado en gravacións e concertos dunha gran cantidade de artistas galegos, entre os que se atopan Pablo Novoa, Ecléctica Ensemble, Xardín Desordenado, Doctor Harapos, Sete Saias, Malvela ou Om-Off. Na actualidade é membro do **Cuarteto Caramuxo** e da **Banda Crebinsky** e exerce como mestre de música no IES Salvaterra de Miño.



PABLO CARRERA é guitarrista, compositor, produtor e músico experimentador, amante do son, habituado a crear texturas sonoras e resonancias emocionais, adicto á improvisación e capaz de moverse en diversos estilos musicais dende as músicas étnicas e o blues ata as vangardas sonoras contemporáneas.

Foi creador, xunto a Víctor Lorenzo, do grupo Doctor Harapos co que editou o disco *Historias de Psiquiátrico* no ano 2005.

Na actualidade tamén é membro da **Banda Crebinsky** e de **Leopol**, dúo de improvisación xunto ao batería Leandro Deltell. Ademais, como artista en solitario, **Pablo Carrera** interpreta temas clásicos de blues, o que lle valeu unha nominación como finalista dos *Premios Martín Codax da Música Galega* na súa 3ª edición na categoría de Blues, Funk e Soul.




PROPOSTAS DE CONCERTO

A Viaxe de Yoyo ao vivo oferta dúas posibilidades: **DOUS a dúo** ou **DOUS en cuarteto** xunto aos músicos convidados na gravación do disco, Marcos Vázquez na batería e Pablo Pérez no contrabaixo, ofrecendo un concerto onde se mesturan as composicións deste novo traballo con algúns dos temas dos seus anteriores discos, nun espectáculo de aproximadamente 80 minutos de duración para todos os públicos.

1. DOUS A DÚO

- Fernando Abreu, *clarinetes*
- Pablo Carrera, *guitarras e voz*



RIDER DOUS

Fernando Abreu

Voz - *shure SM58*

Clarinete - *1 liña XLR phantom 48v*

Clarinete Baixo - *1 liña XLR phantom 48v*

Pablo Carrera

Voz - *shure SM58*

Guitarra eléctrica - *shure SM57*

Guitarra acústica - *1 liña con DI*

Charango - *1 liña con DI*

2 monitores con envíos independientes





Clarinetes

Voz

Guitarras

Voz



Dudas, consultas e suxestións: Pablo - dous@sondous.com



2. DOUS EN CUARTETO

- Fernando Abreu, *clarinetes*
- Pablo Carrera, *guitarras e voz*
- Pablo Pérez, *contrabaixo*
- Marcos Vázquez, *batería*



RIDER DOUS EN CUARTETO

Fernando Abreu

Voz - *shure SM58*

Clarinete - *1 liña XLR phantom 48v*

Clarinete Baixo - *1 liña XLR phantom 48v*

Pablo Carrera

Voz - *shure SM58*

Guitarra eléctrica - *shure SM57*

Guitarra acústica - *1 liña con DI*

Charango - *1 liña con DI*


Marcos Vázquez

Batería - *micros bombo, caixa,
3 toms, 2 ambientes*

Pablo Pérez

Contrabaixo - *1 liña con DI,
1 micro DPA ou similar*

4 monitores con envíos independentes



Dudas, consultas e suxestións: Pablo - dous@sondous.com

ONDE ATOPARNOS

www.sondous.com
dous@sondous.com

Management/Contratación:

Patricia Verdial
609 759 616
patricia.verdial@gmail.com



Fotografías:

Cris Grande, Olalla Lojo,
Paco Dicenta, JM Vázquez, Olalla Fernández

Deseño e Ilustracións:

Olalla Fernández

Fernando Abreu e Pablo Carrera

DOUS ©2017

